



Concello de Xunzo de Limia

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/3	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

12 de xuño de 2025

Duración:

Desde las 9:04 hasta las 10:40

Lugar:

Salón de Plenos do Concello

Presidida por:

Amador Diaz Penin

Secretario:

Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asiste a **Adxunta a Secretaría dona M^a Dolores Fernández Salgado.**





Concello de Xinzo de Limia

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O Sr. **Presidente** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día **10/04/2025**.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 62/2025. Aprobación inicial das Bases xerais para a selección e creación de Bolsas de Emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Servizos Municipais Estruturais, Pedanías e Persoal**, do día 09/06/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 02/06/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Habida conta do tempo transcorrido dende a aprobación das bases xerais de selección de persoal laboral temporal vixentes e sendo necesaria a súa adaptación normativa, extremo este que xa se puxo reiteradamente de manifesto nos respectivos informes de secretaría integrantes de cada expediente de contratación temporal que se levaron a cabo, é polo que se fai necesaria a tramitación dun expediente para a aprobación dunhas novas bases xerais de selección de persoal laboral temporal para a constitución de bolsas de contratación.

Visto informe de secretaría sobre o procedemento a seguir.

Vista acta da mesa de negociación na que se recolle o borrador finalmente acordado coa representación sindical de bases xerais de selección de persoal laboral temporal para a constitución de bolsas de contratación.

PROPOÑO Ó PLENARIO MUNICIPAL

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente as bases xerais do proceso de selección coa redacción que a continuación se recolle:

“(…)
 .(…)”

SEGUNDO.-Someter ditas bases xerais a información pública e audiencia dos interesados, por un prazo mínimo de trinta días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no BOP, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas dando a tal efecto ó expediente a *publicidade preceptiva mediante exposición do Acordo de aprobación inicial, xunto co texto íntegro das bases xerais no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello e mediante anuncio do citado acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense*.

TERCEIRO.-De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita das bases xerais, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán





Concello de Xinzo de Limia

resolverse estas, incorporándose ao texto das bases xerais as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polo artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

O Acordo de aprobación definitiva expreso ou tácito (no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente), das bases xerais, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.-O Concello debe remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto das bases xerais ou, no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada dos mesmos.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía/Presidencia para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)”

Tralo debate a proposta **resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente as bases xerais do proceso de selección coa redacción que a continuación se recolle:

“(...) BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN E CREACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

PRIMEIRO. OBXECTO DAS BASES

Establecemento dun marco común para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as mediante contratos de interinidade e eventuais por circunstancias da produción, consonte as retribucións e características contractuais recollidas no Convenio Colectivo do Concello de Xinzo de Limia. A partir deste marco común elaboraranse bases específicas atendendo as características do posto a cubrir, podendo variar as titulacións en función da categoría ou tarefas a realizar ou establecerse algunha especificación concreta no baremo de méritos. Este marco común non será de aplicación naqueles casos en que se realicen contratacións financiadas con subvencións doutras administracións públicas cando nas bases da subvención se esixa a pertenza dos traballadores/as a un colectivo determinado (RISGA, vítimas de violencia de xénero...) ou cando as bases da subvención establezan requirimentos específicos no procedemento selectivo que non sexan compatibles co establecido neste marco común. Pola mesma razón, nestes casos non se acudirá as listas de emprego elaboradas a partir das bolsas para a realización das contratacións.

SEGUNDO . Lexislación aplicable

A Lexislación aplicable ven determinada por:

— A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

— Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

— Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.





Concello de Xunzo de Limia

— O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

— Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

— A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

— O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

— O Convenio Colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP 83 de 10 de abril de 2006 as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e **que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na publicación das mesmas no BOP número 83 de 10 de abril de 2006**, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte o TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte o TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder a mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo a teor da xurisprudencia recente que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento ós principios de igualdade, mérito e capacidade.

TERCEIRO. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.





Concello de Xinzo de Limia

e) Titulación: a que se estableza para cada posto nas bases específicas de selección, incluído a acreditación de coñecemento da lingua galega que corresponda. De non dispor da acreditación de coñecemento da lingua galega que corresponda deberán realizar unha proba oral para acreditar o coñecemento desta lingua durante a fase de admisión de aspirantes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

CUARTO. Méritos e baremación .

I.- PUNTUACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

NOTAS ACLARATORIAS :

NOTA A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

NOTA B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE, e ademais, deberá aportarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

NOTA C. En caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II.- PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS ACADÉMICOS:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ó esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):





Concello de Xinzo de Limia

- CELGA 3 ou grao de iniciación: 0,50 puntos
- CELGA 4 ou grao de perfeccionamento: 0,75 puntos
- CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

DESEMPATE: No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da “LEY 7/2023, de 30 de noviembre, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres de Galicia.”

“Artículo 153. Actuaciones especiales en casos de infrarrepresentación

1. Cuando en un determinado cuerpo, escala, grupo o categoría de la Administración pública gallega se verificase la infrarrepresentación del sexo femenino, en la oferta de empleo público se establecerá que, si existieran méritos iguales entre dos o más personas candidatas, serán admitidas las mujeres.

2. Se entiende, a estos efectos, la existencia de infrarrepresentación cuando en el cuerpo, escala, grupo o categoría exista una diferencia porcentual de, al menos, veinte puntos entre el número de mujeres y el número de hombres.”

Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal de la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia. Atenderase ó sorteo inmediatamente anterior ó inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y,z, a, b

NOTA INFORMATIVA EN RELACIÓN Á PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN: As/os interesadas/os que se consideren non obrigados/as á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos en base o artigo 53 da lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito ditos méritos concretando cales son. Neste sendo, os/as interesadas/os que amparándose no artigo 53 da lei 39/95 non aporten documentación por constar esta documentación no concello, deben optar por algunha destas opcións:

-DEBEN ALEGAR DE FORMA CONCRETA O MÉRITO CUXA ACREDITACIÓN CONSTA NO CONCELLO, NON SENDO VÁLIDO INDICAR XENERICAMENTE QUE OS MÉRITOS CONSTAN NO CONCELLO, SEN INDICAR TAN SEQUERA CALES SON.

- SE O QUE PRETENDEN É REMITIRSE A UN ANTERIOR PROCESO SELECTIVO PARA A XUSTIFICACIÓN MÉRITOS, DEBEN COMO MÍNIMO INDICAR A QUE PROCESO SELECTIVO SE REMITEN (INDICAR DECRETO DE CONVOCATORIA).

QUINTO. Procedemento a seguir para a constitución de Bolsa de Emprego.

O procedemento a seguir é practicamente idéntico ó establecido nas bases recollidas no BOP n.º 83 de 10 de abril de 2006 da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a subsanación de méritos e requisitos ós e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1).- Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia

I.- Convocatoria: A alcaldía do Concello de Xinzo de Limia, fará público o acordo de convocatoria e bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de





Concello de Xinzo de Limia

traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II.- Solicitudes: Os interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Asemade, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa-convocatoria (anexos I e II).

III.- Prazos e modos de presentación: O prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes a formar parte das listas, comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.

IV.- Lugares de presentación de solicitudes

Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións Públicas.

2) Proceso de elaboración de lista de aspirantes a desempregar postos de con carácter temporal. Constitución da Bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes, e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a subsanación de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Vencido o prazo de subsanación de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso administrativo.

A continuación a Comisión de selección procederá a baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. En caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgárase un prazo de subsanación de tres días hábiles para subsanar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a subsanar por aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Transcorrido o prazo de subsanación de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola Comisión de Selección a proposta de lista provisional baremadas de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía aprobará a mesma e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Asemade publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Resoltas as reclamacións pola Comisión de Selección o Concello de Xinzo de Limia, a alcaldía aprobará en base proposta da comisión a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e a publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Asemade publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso administrativo.





Concello de Xinzo de Limia

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo a lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.

SEXTO. Provisión de postos unha vez vixente a Bolsa de Emprego

Elaborada a lista de aspirantes consonte o anterior punto, poderase cubrir, no momento en que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, consonte a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: Cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación e así, sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefónicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarse o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ó burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarse ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a).- *Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo:* O/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b).- *Desistencia ou renuncia a un contrato:* O aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

— *Estar en situación de ocupado/a.*

— *Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.*

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas Bolsas de Traballo en que se atopará a persoa afectada.

— *Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.*

c).- *Chamamento ao traballo sen resposta:* O aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.

SÉPTIMA. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte este proceso estará vixente durante dous anos. En caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas incluídas na mesma por non querer incorporarse ó traballo ningún aspirante, constituírase unha nova bolsa. En caso de urxente necesidade e de non haber bolsa vixente por calquera causa, poderase realizar un procedemento de selección abreviado para unha contratación concreta respectando os criterios de





Concello de Xinzo de Limia

baremación de méritos recollidos nestas bases, sendo o seguinte:

- 1) Informe de Persoal e/ou do Departamento interesado na contratación: xustificando a necesidade de efectuar a contratación temporal.*
- 2) Memoria xustificativa do responsable político*
- 3) Proposta da presidencia*
- 4) Informe de Secretaría e Intervención..*
- 5) Decreto de Alcaldía iniciando o expediente e nomeando ao tribunal, tendo en conta que o tribunal tense que axustar aos requisitos indicados no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público. No decreto recollerase a aplicación do baremo recollido nas presentes bases xerais.*
- 7) Publicidade: Á oferta daráselle publicidade, na Sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia, na páxina web e no BOP de Ourense aos efectos de garantir a concorrência no proceso de selección. Outorgárase un prazo de presentación de candidaturas de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no BOP.*
- 8) Valoración dos candidatos presentados polo tribunal.*
- 9) Emisión de Decreto de Contratación e alta na Seguridade Social da persoa proposta polo tribunal como primeiro/a aspirante.*
- 10) Formalización do Contrato Laboral.*
- 11) Se algún aspirante renuncia á incorporación acudirase ó/á seguinte aspirante.*

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

A composición da dita Comisión será a seguinte:

- O presidente da corporación ou persoa en quen delegue.*
- Dous representantes do Concello, designados pola presidencia, que teñen que ser traballadores fixos, funcionario ou laboral nese momento.*
- Un representante de cada unha das centrais sindicais que teñan representante na mesa de negociacións.*

O sistema de votación e adopción de acordos será o mesmo que o previsto polo EBEP, e dicir, un voto da Administración e un voto da bancada sindical.

As funcións da comisión de control serán:

- a) Informar con carácter previo á súa aprobación, sobre as bases xerais e específicas que rexan as convocatorias de contratación temporal que convoque o Concello de Xinzo.*
- b) Ser informada sobre as propostas de resolución que realicen os tribunais selectivos ou órganos administrativos.*
- c) Ser informada, con carácter preceptivo, sobre as alegacións, reclamacións e os recursos que se poidan interpor os interesados contra calquera dos actos ditados para a contratación do persoal laboral do Concello de Xinzo.*
- d) Formular propostas de modificación das bases xerais reguladoras da contratación do persoal laboral temporal.*
- e) Informar sobre os proxectos de modificación das bases xerais reguladoras da contratación do persoal laboral temporal.*





Concello de Xinzo de Limia

Tódolos informes emitidos pola dita comisión terán carácter preceptivo e non vinculante.

O Funcionamento da comisión axustaranse ao disposto nas normas comúns de funcionamento dos órganos colexiados, en concreto ao disposto para a Mesa Xeral de Negociación no EBEP, sen prexuízo de que a propia Comisión pida establecer ou completar as súas normas específicas de funcionamento.

Os membros da Comisión terán acceso aos expedientes íntegros das convocatorias de postos de traballo que poida realizar o concello de Xinzo, e terán deber de sixelo con respecto do contido dos expedientes aos que teñan acceso, podendo incorrer en responsabilidades persoais no caso dun uso inadecuado do contido ou datos aos que accedan en virtude da súa función.(...)"

SEGUNDO.-Someter ditas bases xerais a información pública e audiencia dos interesados, por un prazo mínimo de trinta días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no BOP, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas dando a tal efecto ó expediente a publicidade preceptiva mediante exposición do Acordo de aprobación inicial, xunto co texto íntegro das bases xerais no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello e mediante anuncio do citado acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

TERCEIRO.-De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita das bases xerais, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto das bases xerais as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polo artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

O Acordo de aprobación definitiva expreso ou tácito (no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente), das bases xerais, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.-O Concello debe remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto das bases xerais ou, no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada dos mesmos.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía/Presidencia para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto. (...)"

Sen producirse debate, a proposta resulta ***aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:***

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente as bases xerais do proceso de selección coa redacción que a continuación se recolle:*

“(...) BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN E CREACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

PRIMEIRO. OBXECTO DAS BASES





Concello de Xinzo de Limia

Establecemento dun marco común para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as mediante contratos de interinidade e eventuais por circunstancias da produción, consonte as retribucións e características contractuais recollidas no Convenio Colectivo do Concello de Xinzo de Limia. A partir deste marco común elaboraranse bases específicas atendendo as características do posto a cubrir, podendo variar as titulacións en función da categoría ou tarefas a realizar ou establecerse algunha especificación concreta no baremo de méritos. Este marco común non será de aplicación naqueles casos en que se realicen contratacións financiadas con subvencións doutras administracións públicas cando nas bases da subvención se esixa a pertenza dos traballadores/as a un colectivo determinado (RISGA, vítimas de violencia de xénero...) ou cando as bases da subvención establezan requirimentos específicos no procedemento selectivo que non sexan compatibles co establecido neste marco común. Pola mesma razón, nestes casos non se acudirá as listas de emprego elaboradas a partir das bolsas para a realización das contratacións.

SEGUNDO . Lexislación aplicable

A Lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.*
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.*
- Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.*
- A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.*
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.*
- O Convenio Colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP 83 de 10 de abril de 2006 as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e **que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na publicación das mesmas no BOP número 83 de 10 de abril de 2006**, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte o TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte o TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder a mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo*





Concello de Xunzo de Limia

en materia de procesos selectivos, propondo a teor da xurisprudencia recente que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento ós principios de igualdade, mérito e capacidade.

TERCEIRO. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación: a que se estableza para cada posto nas bases específicas de selección, incluído a acreditación de coñecemento da lingua galega que corresponda. De non dispor da acreditación de coñecemento da lingua galega que corresponda deberán realizar unha proba oral para acreditar o coñecemento desta lingua durante a fase de admisión de aspirantes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

CUARTO. Méritos e baremación .

I.- PUNTUACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe de Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

NOTAS ACLARATORIAS :

NOTA A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

NOTA B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite





Concello de Xinzo de Limia

debidamente (vida laboral e alta IAE, e ademais, deberá aportarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

NOTA C. En caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II.- PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS ACADÉMICOS:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ó esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

- *CELGA 3 ou grao de iniciación: 0,50 puntos*
- *CELGA 4 ou grao de perfeccionamento: 0,75 puntos*
- *CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto*

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

DESEMPATE: No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da “LEY 7/2023, de 30 de noviembre, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres de Galicia.”

“Artículo 153. Actuaciones especiales en casos de infrarrepresentación

1. Cuando en un determinado cuerpo, escala, grupo o categoría de la Administración pública gallega se verificase la infrarrepresentación del sexo femenino, en la oferta de empleo público se establecerá que, si existieran méritos iguales entre dos o más personas candidatas, serán admitidas las mujeres.

2. Se entiende, a estos efectos, la existencia de infrarrepresentación cuando en el cuerpo, escala, grupo o categoría exista una diferencia porcentual de, al menos, veinte puntos entre el número de mujeres y el número de hombres.”

Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal de la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia. Atenderase ó sorteo inmediatamente anterior ó inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y,z, a, b

NOTA INFORMATIVA EN RELACIÓN Á PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN: *As/os*





Concello de Xinzo de Limia

interesadas/os que se consideren non obrigados/as á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos en base o artigo 53 da lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito ditos méritos concretando cales son. Neste sendo, os/as interesadas/os que amparándose no artigo 53 da lei 39/95 non aporten documentación por constar esta documentación no concello, deben optar por algunha destas opcións:

-DEBEN ALEGAR DE FORMA CONCRETA O MÉRITO CUXA ACREDITACIÓN CONSTA NO CONCELLO, NON SENDO VÁLIDO INDICAR XENERICAMENTE QUE OS MÉRITOS CONSTAN NO CONCELLO, SEN INDICAR TAN SEQUERA CALES SON.

- SE O QUE PRETENDEN É REMITIRSE A UN ANTERIOR PROCESO SELECTIVO PARA A XUSTIFICACIÓN MÉRITOS, DEBEN COMO MÍNIMO INDICAR A QUE PROCESO SELECTIVO SE REMITEN (INDICAR DECRETO DE CONVOCATORIA).

QUINTO. Procedemento a seguir para a constitución de Bolsa de Emprego.

O procedemento a seguir é practicamente idéntico ó establecido nas bases recollidas no BOP n.º 83 de 10 de abril de 2006 da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a subsanación de méritos e requisitos ós e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1).- Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia

I.- Convocatoria: A alcaldía do Concello de Xinzo de Limia, fará público o acordo de convocatoria e bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II.- Solicitudes: Os interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Asemade, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa-convocatoria (anexos I e II).

III.- Prazos e modos de presentación: O prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes a formar parte das listas, comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.

IV.- Lugares de presentación de solicitudes

Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións Públicas.

2) Proceso de elaboración de lista de aspirantes a desempregar postos de con carácter temporal. Constitución da Bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes, e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a subsanación de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Vencido o prazo de subsanación de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta





Concello de Xinzo de Limia

listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso administrativo.

A continuación a Comisión de selección procederá a baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. En caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgárase un prazo de subsanación de tres días hábiles para subsanar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a subsanar por aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Transcorrido o prazo de subsanación de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola Comisión de Selección a proposta de lista provisional baremadas de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía aprobará a mesma e publicárase no BOP , así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Asemade publicárase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Resoltas as reclamacións pola Comisión de Selección o Concello de Xinzo de Limia, a alcaldía aprobará en base proposta da comisión a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e a publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Asemade publicárase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso administrativo.

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo a lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.

SEXTO. Provisión de postos unha vez vixente a Bolsa de Emprego

Elaborada a lista de aspirantes consonte o anterior punto, poderase cubrir, no momento en que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, consonte a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: Cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación e así, sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefónicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarse o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ó burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarse ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a).- Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: O/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.





Concello de Xinzo de Limia

b).- *Desistencia ou renuncia a un contrato: O aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:*

— *Estar en situación de ocupado/a.*

— *Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.*

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas Bolsas de Traballo en que se atopará a persoa afectada.

— *Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.*

c).- *Chamamento ao traballo sen resposta: O aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.*

SÉPTIMA. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte este proceso estará vixente durante dous anos. En caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas incluídas na mesma por non querer incorporarse ó traballo ningún aspirante, constituírse unha nova bolsa. En caso de urxente necesidade e de non haber bolsa vixente por calquera causa, poderase realizar un procedemento de selección abreviado para unha contratación concreta respectando os criterios de baremación de méritos recollidos nestas bases, sendo o seguinte:

1) *Informe de Persoal e/ou do Departamento interesado na contratación: xustificando a necesidade de efectuar a contratación temporal.*

2) *Memoria xustificativa do responsable político*

3) *Proposta da presidencia*

4) *Informe de Secretaría e Intervención..*

5) *Decreto de Alcaldía iniciando o expediente e nomeando ao tribunal, tendo en conta que o tribunal tense que axustar aos requisitos indicados no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público. No decreto recollerase a aplicación do baremo recollido nas presentes bases xerais.**

7) *Publicidade: Á oferta daráselle publicidade, na Sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia, na páxina web e no BOP de Ourense aos efectos de garantir a concorrência no proceso de selección. Outorgárase un prazo de presentación de candidaturas de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no BOP.*

8) *Valoración dos candidatos presentados polo tribunal.*

9) *Emisión de Decreto de Contratación e alta na Seguridade Social da persoa proposta polo tribunal como primeiro/a aspirante.*

10) *Formalización do Contrato Laboral.*

11) *Se algún aspirante renuncia á incorporación acudírase ó/á seguinte aspirante.*

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

A composición da dita Comisión será a seguinte:

- *O presidente da corporación ou persoa en quen delegue.*





Concello de Xinzo de Limia

- Dous representantes do Concello, designados pola presidencia, que teñen que ser traballadores fixos, funcionario ou laboral nese momento.
- Un representante de cada unha das centrais sindicais que teñan representante na mesa de negociacións.

O sistema de votación e adopción de acordos será o mesmo que o previsto polo EBEP, e dicir, un voto da Administración e un voto da bancada sindical.

As funcións da comisión de control serán:

- a) Informar con carácter previo á súa aprobación, sobre as bases xerais e específicas que rexan as convocatorias de contratación temporal que convoque o Concello de Xinzo.
- b) Ser informada sobre as propostas de resolución que realicen os tribunais selectivos ou órganos administrativos.
- c) Ser informada, con carácter preceptivo, sobre as alegacións, reclamacións e os recursos que se poidan interpor os interesados contra calquera dos actos ditados para a contratación do persoal laboral do Concello de Xinzo.
- d) Formular propostas de modificación das bases xerais reguladoras da contratación do persoal laboral temporal.
- e) Informar sobre os proxectos de modificación das bases xerais reguladoras da contratación do persoal laboral temporal.

Tódolos informes emitidos pola dita comisión terán carácter preceptivo e non vinculante.

O Funcionamento da comisión axustaranse ao disposto nas normas comúns de funcionamento dos órganos colexiados, en concreto ao disposto para a Mesa Xeral de Negociación no EBEP, sen prexuízo de que a propia Comisión pida establecer ou completar as súas normas específicas de funcionamento.

Os membros da Comisión terán acceso aos expedientes íntegros das convocatorias de postos de traballo que poida realizar o concello de Xinzo, e terán deber de sixelo con respecto do contido dos expedientes aos que teñan acceso, podendo incorrer en responsabilidades persoais no caso dun uso inadecuado do contido ou datos aos que accedan en virtude da súa función.(...)"

SEGUNDO.-Someter ditas bases xerais a información pública e audiencia dos interesados, por un prazo mínimo de trinta días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no BOP, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas dando a tal efecto ó expediente a publicidade preceptiva mediante exposición do Acordo de aprobación inicial, xunto co texto íntegro das bases xerais no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello e mediante anuncio do citado acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

TERCEIRO.-De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita das bases xerais, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto das bases xerais as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde





Concello de Xinzo de Limia

ao Pleno, de conformidade co disposto polo artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

O Acordo de aprobación definitiva expreso ou tácito (no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente), das bases xerais, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O Concello debe remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto das bases xerais ou, no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada dos mesmos.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía/Presidencia para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Expediente 4019/2025. Moción do Grupo Municipal do BNG para a mellora da oferta Formativa Profesional:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 09/06/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a moción presentada polo **Grupo Municipal do BNG**, do seguinte teor literal:

“(…) MOCIÓN PARA A MELLORA DA OFERTA FORMATIVA PROFESIONAL

Camilo Vila García e Manuel Pozo Fariñas, concelleiros do grupo municipal do BNG no Concello de Xinzo de Limia, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, presentan a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Xinzo de Limia, como cabeza da comarca da Limia, é un territorio cunha forte identidade agraria, cun tecido produtivo baseado no sector primario e cunha mocidade que, malia as dificultades, continúa a buscar oportunidades para formarse e desenvolver proxectos de vida no rural. Porén, a realidade educativa actual non acompaña esta vontade.

A oferta de Formación Profesional en Xinzo de Limia é, a día de hoxe, claramente insuficiente. Limitase a unha FP Básica de Electricidade e Electrónica e outra de Cociña e restauración, unha FP Media de Aproveitamento e conservación do medio natural e unha FP Superior de Xestión forestal e do medio natural. Esta escasa variedade non responde nin á diversidade de intereses da mocidade nin ás necesidades reais do tecido produtivo da comarca.

A consecuencia directa é que moitos mozos e mozas vense obrigados a desprazarse a outras vilas ou cidades para continuar a súa formación, o que supón un custo económico e de perda de oportunidades para as familias, e contribúe ao despoboamento e á perda de capital humano no rural. Esta situación agrávase pola tendencia da Xunta de Galiza a concentrar os Centros Integrados de Formación Profesional (CIFFP) nas cidades, xerando unha fenda de oportunidades entre o rural e o urbano que resulta inxusta e discriminatoria.

Desde o BNG consideramos que Xinzo de Limia debe aspirar a converterse nun referente na rama





Concello de Xinzo de Limia

agraria, aproveitando a súa tradición, o seu potencial produtivo e o contexto actual de declaración de Zona Vulnerable por Nitratos. A profesionalización do sector agrario e gandeiro é unha necesidade urxente, e para iso cómpre unha oferta formativa ampla, estable e de calidade. Existen exemplos noutras comarcas galegas onde se concentran ciclos de todas as familias da rama agraria (grao básico: Actividades agropecuarias, Agroxardaría e composicións florais e Aproveitamentos forestais; grao medio: Aproveitamento e conservación do medio natural, Producción agroecolóxica, Producción agropecuaria, Xardaría e floraría; grao superior: Gandaría e asistencia en sanidade animal, Paisaxismo e medio rural e Xestión forestal e do medio natural) o que permite crear ecosistemas formativos e produtivos sólidos.

Ademais, é recomendable valorar a diversificación da oferta para dar resposta á demanda de man de obra cualificada noutros sectores estratéxicos para a comarca, como a construción (en todas as súas disciplinas: albanelaría, carpintaría, instalacións, eficiencia enerxética...), as disciplinas STEM (tecnoloxía, programación, telecomunicacións) ou os servizos sociais e sanitarios, aproveitando a boa conectividade dixital da zona e as oportunidades que ofrece o medio rural para o emprendemento e a innovación. Cómpre ter presente o cambio demográfico que está atravesando o concello co envellecemento da poboación e o sensible aumento da migración.

Non pode ser unha escusa a baixa matrícula puntual dalgún ciclo, como ocorreu coa FP da rama agropecuaria na modalidade Dual. A clave está en ofrecer unha estrutura formativa sólida, nutrida e sostida no tempo, que permita á mocidade planificar o seu futuro con garantías e que contribúa a fixar poboación, dinamizar a economía local e dignificar o rural.

Un Concello comprometido coa súa terra, coa súa xente e co futuro non pode permanecer alieo a esta realidade. Aínda que a competencia directa en materia educativa é da Xunta de Galiza, o Concello de Xinzo debe exercer un papel activo, liderando a demanda social e institucional dunha oferta formativa digna, da man da comunidade educativa, do tecido produtivo e da veciñanza.

ACORDOS

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Xinzo de Limia propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a ampliar de forma urxente e planificada a oferta de Formación Profesional no IES Cidade de Antioquía e IES Lagoa de Antela, especialmente nas ramas Agraria, Construción, STEM e Servizos.**
- 2) Solicitar a creación dun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) en Xinzo de Limia, que permita ofrecer unha oferta ampla, moderna e adaptada ás necesidades do territorio.**
- 3) Dar traslado desta moción á Consellería de Educación, á Dirección Xeral de Formación Profesional, aos IES Cidade de Antioquía e IES Lagoa de Antela e aos colectivos empresariais e agrarios do Concello (Asociación de empresas do Polígono Industrial, Asociación Prolimia, Asociación de Produtores de Patacas, Adegal).(..."**

Tralo debate a proposta resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade, cunha serie de modificacións puntuais, quedando coa seguinte redacción a proposta de acordo:

- 1) Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a ampliar de forma urxente e planificada a oferta de Formación Profesional no IES Cidade de Antioquía e IES Lagoa de Antela, especialmente nas ramas Agraria, Construción, STEM e Servizos.**
- 2) Solicitar a creación dun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) en Xinzo de Limia, que permita ofrecer unha oferta ampla, moderna e adaptada ás necesidades do territorio.**
- 3) Dar traslado desta moción á Consellería de Educación, á Dirección Xeral de Formación**





Concello de Xinz de Limia

Profesional, aos IES Cidade de Antioquía e IES Lagoa de Antela, e pedir a adhesión aos colectivos empresariais e agrarios do Concello (Asociación de empresas do Polígono Industrial, Asociación Prolimia, Asociación de Produtores de Patacas, Adegal), a IXP, e ao Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro dependente do INORDE. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

O **Sr. Camilo Vila García** comeza a súa intervención pregándolle ó grupo de goberno un compromiso real coa moción da que seguidamente procede a súa lectura.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta a súa coincidencia co propoñente da moción no que atinxe a que a oferta formativa dos IES ten algunhas eivas pola carencia de oferta en certos sectores, o que obriga ós veciños e veciñas de Xinz de Lima interesados na formación a soportar custes tanto para desprazamento como para vivenda. Continúa a súa intervención indicando que se ben para o curso 2025-2026 non haberá tempo suficiente para materializar esta moción, sen embargo agarda que sexa posible avanzar de cara os vindeiros cursos.

O **Sr. Alcalde** intervén para transmitir o apoio do grupo de goberno á moción habida conta das eivas postas de manifesto, especialmente no que se refire ó tecido agrario da Comarca dada a falla de man cualificada, e indica que se transmitirán as peticións da moción nunha reunión que se vai a desenvolver coa Consellería.

O **Sr. Camilo Vila García** intervén para transmitir a viabilidade da moción exposta traendo a colación exemplos de vilas que contan cunha oferta axeitada ó contexto económico, salientando neste eido os Concellos de Verín, cunha oferta multiplicada por tres en comparación con Xinz de Limia; Arzúa, que aposta por unha rama consolidada; e Coristanco, que é un referente no sector primario e ten moitas características en común con Xinz de Limia. Recorda ó plenario que Xinz de Limia foi un referente hai anos na formación profesional de electricistas e administrativos. Polos motivos expostos apela á esperanza de que se acade o obxectivo plantexado na moción a longo prazo, non para o curso 2025-2026, habida conta que onte publicouse por parte da Consellería a nova oferta de formación profesional para o curso que ven, pero sí con miras ó futuro para as xeracións vindeiras.

Tralo debate, a proposta resulta ***aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:***

1) Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a ampliar de forma urxente e planificada a oferta de Formación Profesional no IES Cidade de Antioquía e IES Lagoa de Antela, especialmente nas ramas Agraria, Construción, STEM e Servizos.

2) Solicitar a creación dun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) en Xinz de Limia, que permita ofrecer unha oferta ampla, moderna e adaptada ás necesidades do territorio.

3) Dar traslado desta moción á Consellería de Educación, á Dirección Xeral de Formación Profesional, aos IES Cidade de Antioquía e IES Lagoa de Antela, e pedir a adhesión aos colectivos empresariais e agrarios do Concello (Asociación de empresas do Polígono Industrial, Asociación Prolimia, Asociación de Produtores de Patacas, Adegal), a IXP, e ao Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro dependente do INORDE.





Concello de Xinzo de Limia

Expediente 4073/2025. Moción do Grupo Municipal Socialista para recoñecemento público do Concello de Xinzo de Limia a Martín Portela Barreiro, piloto de motociclismo:

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 09/06/2025, do seguinte teor literal:

”(...) Vista a moción presentada polo **Grupo Municipal Socialista**, do seguinte teor literal:

“(...) Elvira Lama Fernández, Rafael Penabad González, Victor Rodriguez Avilés e Carlos López Montero, concelleiros do Grupo Municipal Socialista, no Concello de Xinzo de Limia de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta: **MOCION PARA EXPEDIENTE DE HONRA E DE RECOÑECIMIENTO PUBLICO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA A MARTIN PORTELA BARREIRO, PILOTO DE MOTOCICLISMO**

O xoven motociclista Martin Portela Barreiro, nace en Xinzo de Limia o 22 de decembro do 2015. Comeza a súa carreira motociclista aos 4 anos nunha escola especializada, a Aspar KSB SPORT de Jorge Martinez Aspar e na actualidade na IKERIC Racing, cunha beca.

Desde ben pequeno, case un bebé de 2 anos, a súa familia algo albiscaba cando andaba en bicicleta sen rodins. O cumprir os catro anos de idade, a súa familia lévao a facer una proba KSB a o Porriño. Disputa diferentes campionatos en Galicia e tras acadar os primeiros postos, acude a campionatos de nivel nacional, nos que participa na actualidade, con pilotos nacionais e internacionais.

Un coñecido referente do motociclismo confirmáballes a súa familia que “debe cruzar o Padornelo para saber ben da súa capacidade, da súa valía e comezar a gañar campionatos nacionais”.

Na primeira proba a que asiste cos seus país fora de Galicia, Martin ía acompañado dun mecánico de Xinzo, para reparar calquera imprevisto que puidera xurdir durante a carreira, correndo por conta da familia tódolos gastos. Isto acontecía cando só contaba con 6 anos, e a partires de entón con 7 e 8 anos xa gañaba diferentes campionatos de España, converténdose nun referente na súa categoría, facendo “podium” en numerosas ocasións.

Na actualidade pertence ao equipo, DAYAM 77 RACING TEAM equipo profesional presente na FIM VEC REPSOL e na COPA DE ESPAÑA DE MINIVELOCIDAD. “O FIM CEV Repsol, agora chamado FIM JuniorGP World Championship, é a competición, o viveiro no que creceron mais do 90% dos pilotos que chegaron a nivel mundial a través da categoría de Moto3 antes 125cc), como Marc Marquez ou Joan Mir, son só algúns dos que pasaron por esta, antes de asegurarse una praza no Campionato do mundo. Todo un mundo paralelo para os profanos que envolve una paixón na que participan todo tipo de profesionais do motor e da saúde, para axudar aos xoves pilotos.

Martin está participando na actualidade na Copa de España de Minivelocidad, ao que unha revista especializada menciona: “*Martín Portela, piloto gallego que fará su debut en la temporada 2025 en la categoría GP10 de la MIR Racing Cup. Con un talento natural y un enfoque competitivo, Martín llega al campeonato con la capacidad de estar entre los pilotos más destacados de la categoría*”

Martín ha demostrado una gran preparación y una mentalidad de superación constante, lo que lo convierte en un piloto con un futuro brillante en la competición. Su habilidad para adaptarse rápidamente a las exigencias del campeonato y su enfoque técnico lo hacen un rival fuerte para los pilotos más experimentados.

A paixón de Martin polas motos é tal, que lle dedica moitas horas da súa vida diaria, compaxinando sempre deporte e estudos de primaria. Éntrena tódolos mércores e fins de semana cando esta fora de





Concello de Xinzo de Limia

tempada, e durante a tempada de carreiras faino nos diferentes circuitos nacionais aos que acude para disputar algún dos diferentes campionatos. Nas fins de semana cando compite nas diferentes circuitos, perde os venres de clase, porque debe estar a primeira hora da tarde para os entrenamentos, o que non lle impide seguir os estudos na fin de semana, nas horas nas que non esta subido na súa motocicleta, tal como demostra o seu expediente académico, cun resultado excelente de sobresaínte en tódalas materias.

Martin vive por e para este deporte, non exento de risco en cada cita, e como di seu pai, que o acompaña sempre ben preto da pista, e sen perdelo de vista nin un minuto “ Eu só podoo ver toda a carreira na casa de volta, cando xa sei que non pasou nada”.

A vida da familia Portela-Barreiro ten mudado nestes case 10 anos por ter que estar sempre ao carón de Martín e da súa amiga de dúas rodas.

Debido a excepcionalidade do deporte que practica Martin, pola súa idade e polo seu talento para este tipo de deporte, estamos seguros de que está a converterse nun referente para moitos rapaces e rapazas do noso concello, motivo polo cal o Grupo municipal socialista tal como fixo co Rogo no pleno do 10 de abril de 2025:

SOLICITA

Que a corporación municipal do concello de Xinzo de Limia, inicie expediente de honra e faga un recoñecemento público no salón de plenos do concello ao Piloto de Motocicleta MARTIN PORTELA BARREIRO, nunha data axeitada en comunicación coa familia. (...)”

Sen producirse debate a proposta **resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

ÚNICO: Iniciar expediente de recoñecemento público no salón de actos do Concello de Xinzo de Limia ao Piloto de Motocicleta MARTIN PORTELA BARREIRO, nunha data axeitada en comunicación coa familia. (...)”

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

ÚNICO: Iniciar expediente de recoñecemento público no salón de actos do Concello de Xinzo de Limia ao Piloto de Motocicleta MARTIN PORTELA BARREIRO, nunha data axeitada en comunicación coa familia.

Expediente 6290/2023. Aprobación inicial modificación da ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo:	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 09/06/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 22/05/2024, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a proposta de modificación da ordenanza nº 11 “reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo” informada favorablemente polos Departamentos de Intervención e Secretaría do seguinte teor literal:

“(…) Visto a Providencia de alcaldía cuxo teor literal establece:

“(…)Habida conta do interés mostrado por parte de diversas entidades con ánimo de lucro no uso das





Concello de Xinzo de Limia

rúas da piscina climatizada para poder impartir actividades deportivas, formativas ou terapéuticas e dado que a piscina conta con rúas libres en horario de mañá que permitiría facer posible dito uso, e sendo que non suporía un incremento de custos senon que podería contribuir a paliar aínda que sexa mínimamente o déficit do servizo, é polo que se considera a necesidade de aprobar unha modificación da Ordenanza número 11 “reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo” no seguinte senso:

DISPOÑO

PRIMERO. Que se inicie expediente de modificación da Ordenanza fiscal n.º 11 “reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo” segundo a tramitación establecida no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO. Que polo Servizo Técnico municipal se emita informe técnico económico para regular a ordenación do servizo e a taxa correspondente adaptando a tal efecto a ordenanza

TERCEIRO.- Que polo Interventor se emita informe de intervención co obxecto de informar acerca da revisión proposta.

CUARTO.- Que polo Secretario se emita un informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.(...).”

Visto o informe técnico económico relativo custe/hora da taxa polo uso da rúa da piscina climatizada e visto o informe de Secretaria do procedemento a seguir.

Pola presente emítese proposta de modificación da ordenanza nº 11 “reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo” do seguinte teor literal:

“(...)”

PROPONSE Ó PLENARIO QUE SE ADOPTE ACORDO DO SEGUINTE TEOR LITERAL

1. A modificación da vixente **Ordenanza fiscal n.º 11, reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo**, de xeito que:

(...)

2. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.

3. Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.

5. Dar traslado do presente acordo á Concelleira de Deportes, así como ós servizos da área económico financeira. (...)”

Tralo debate a proposta **resulta ditaminada favorablemente, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal “ÁXIL” (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), coa abstención dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da vixente Ordenanza fiscal n.º 11, reguladora





Concello de Xinzo de Limia

da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo, de xeito que:

Onde di:

ONDE DI:

“Capítulo Terceiro: Tarifas das Piscinas Cubertas Municipais

Cotas e tarifas.

Art. 8.- A contía das taxas pola utilización dos servizos das piscinas cubertas municipais, establecerase en función das tarifas seguintes:

A)Socios da instalación:

- 1.Abonado individual: 33,30 €/mes.
- 2.Abonado familiar: 41,60 €/mes.
- 3.Abonado xubilado/pensionista: 23,30 €/mes.
- 4.Abonado individual infantil: 23,30 €/mes.
- 5.Abonado matrimonio xubilado: 33,30 €/mes.

B)Cursos:

B.1- Socios da instalación:

Tipo;duración;cota adulto;cota nenos;cota xubilados.

- 1; Un día á semana;8,45 €/mes.; 6,85 €/mes.; 6,85 €/mes.
- 2; Dous días á semana ;16,70 € ; 13,40 €/mes; 13,40 €/mes
- 3; Tres días á semana;25,00 €/mes.; 16,70 €/mes.; 16,70 €/mes.

B.2- Non aboados:

Tipo;duración;cota adulto;cota nenos;cota xubilados

- 1; Un día á semana; 21,65 €/mes.; 13,40 €/mes.; 13,40 €/mes.
- 2; Dous días á semana; 33,30 €/mes.; 23,30 €/mes.; 23,30 €/mes.
- 3; Tres días á semana; 43,20 €/mes.; 29,95 €/mes.; 29,95 €/mes.

B.3- Cursos de natación para bebés:

Tipo; modalidade; cota

- 1;socios; 20,10 €/mes.
- 2;libres; 33,30 €/mes.

B.4- Asociacións:

- 1; Un día a semana; 16,30 €/mes

B.5- Calquera outro curso non mencionado anteriormente cobrarase pola seguinte tarifa:
15,50 €/mes.

C)Bonos da instalación (10 entradas)

Cota adultos: 33,20 €.





Concello de Xinzo de Limia

Cota nenos: 20,80 €.

Cota xubilados: 20,80 €.

D)Entradas (non aboados):

Cota adultos: 4,50 €.

Cota nenos: 2,30 €.

Cota xubilados: 2,30 €.

Pagos anticipados individuais:

Tipo;modalidade;cota adulto;cota nenos;cota xubilados.

1; individual semestral; 166,20 €; 116,20 €; 116,20 €.

2; individual anual; 299,15 €; 216,00 €; 216,00 €.

Pagos anticipados familiares: Tipo; modalidade;cota.

1; familiar semestral; 232,70 €.

2; familiar anual; 398,65 €.

Pago anticipado matrimonio xubilado:

Tipo;modalidade;cota.

1; matrimonio xubilado semestral; 166,25 €.

2; matrimonio xubilado anual; 299,15 €.”

DEBE DICIR:

“Capítulo Terceiro: Tarifas das Piscinas Cubertas Municipais

Cotas e tarifas.

Art. 8.- A contía das taxas pola utilización dos servizos das piscinas cubertas municipais, establecerase en función das tarifas seguintes:

A)Socios da instalación:

1.Abonado individual: 33,30 €/mes.

2.Abonado familiar: 41,60 €/mes.

3.Abonado xubilado/pensionista: 23,30 €/mes.

4.Abonado individual infantil: 23,30 €/mes.

5.Abonado matrimonio xubilado: 33,30 €/mes.

B)Cursos:

B.1- Socios da instalación:

Tipo;duración;cota adulto;cota nenos;cota xubilados.

1; Un día á semana;8,45 €/mes.; 6,85 €/mes.; 6,85 €/mes.

2; Dous días á semana ;16,70 € ; 13,40 €/mes; 13,40 €/mes

3; Tres días á semana;25,00 €/mes.; 16,70 €/mes.; 16,70 €/mes.





Concello de Xinzo de Limia

B.2- Non aboados:

Tipo; duración; cota adulto; cota nenos; cota xubilados

1; Un día á semana; 21,65 €/mes.; 13,40 €/mes.; 13,40 €/mes.

2; Dous días á semana; 33,30 €/mes.; 23,30 €/mes.; 23,30 €/mes.

3; Tres días á semana; 43,20 €/mes.; 29,95 €/mes.; 29,95 €/mes.

B.3- Cursos de natación para bebés:

Tipo; modalidade; cota

1; socios; 20,10 €/mes.

2; libres; 33,30 €/mes.

B.4- Asociacións:

1; Un día a semana; 16,30 €/mes

B.5- Calquera outro curso non mencionado anteriormente cobrarase pola seguinte tarifa:

15,50 €/mes.

C) Bonos da instalación (10 entradas)

Cota adultos: 33,20 €.

Cota nenos: 20,80 €.

Cota xubilados: 20,80 €.

D) Entradas (non aboados):

Cota adultos: 4,50 €.

Cota nenos: 2,30 €.

Cota xubilados: 2,30 €.

Pagos anticipados individuais:

Tipo; modalidade; cota adulto; cota nenos; cota xubilados.

1; individual semestral; 166,20 €; 116,20 €; 116,20 €.

2; individual anual; 299,15 €; 216,00 €; 216,00 €.

Pagos anticipados familiares: *Tipo; modalidade; cota.*

1; familiar semestral; 232,70 €.

2; familiar anual; 398,65 €.

Pago anticipado matrimonio xubilado:

Tipo; modalidade; cota.

1; matrimonio xubilado semestral; 166,25 €.

2; matrimonio xubilado anual; 299,15 €.”

E) Utilización dunha rúa Piscina climatizada para actividades deportivas, formativas ou terapéuticas con ánimo de lucro en horario de mañá (rúa por hora ou fracción): 13,00 €.”





Concello de Xinzo de Limia

ONDE DI:

“Artigo 10: normas de xestión.

1.O pagamento dos abonos e de tempada realizaranse na instalación antes do primeiro día do período no que deban xurdir efectos.

O pagamento da entrada libre terá lugar no mesmo momento de recoller a entrada na instalación.

DEBE DICIR

“Artigo 10: normas de xestión.

1.O pagamento dos abonos e de tempada realizaranse na instalación antes do primeiro día do período no que deban xurdir efectos.

O pagamento da entrada libre terá lugar no mesmo momento de recoller a entrada na instalación.

2. No que atinxe á autorización de uso das rúas da Piscina climatizada cuxa taxa está recollida no artigo 8.E) será de aplicación o previsto no artigo 12.C.2 da presente ordenanza relativo ás normas de xestión do pavillón municipal.”

ONDE DI:

Artigo 12: normas de xestión.

A) Utilización puntual das instalacións para fins deportivos

Poderase autorizar con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade das instalacións e previa solicitude do interesado, o uso das instalacións deportivas municipais de xeito puntual, a calquera persoa física ou xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada, previo abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuír.

B) Utilización das instalacións de maneira estable ó longo do ano por Clubs ou Asociacións Deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estean inscritas en competicións deportivas oficiais, así como por institucións escolares e asociacións e fundacións de persoas con diversidade funcional que vaian a utilizar as instalacións para actividades de carácter pedagóxico, de educación ou rehabilitación de persoas con diversidade funcional, sempre que sexan sen ánimo de lucro e estean inscritas no Libro Rexistro de asociacións.

1. Os clubs e asociacións deportivas inscritas como tal no rexistro municipal de asociacións, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenrolo da súa actividade. As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal por escrito durante o período que abarca dende o 1 de xuño ó 30 de setembro de cada tempada, acompañando a esta a seguinte documentación:

- Copia dos Estatutos nos que deberá constar o seu carácter como entidade sen ánimo de lucro, así como un certificado expedido polo Secretario da Asociación no que se faga constar as persoas físicas que ostentan os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Tesoureiro e membros da Xunta Directiva, acompañando copia do seu DNI.

- En caso de asociacións deportivas, Acreditación de que a entidade consta inscrita en competicións deportivas oficiais e calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade correspondente.

.-. Memoria descritiva da actividade á que pretenda destinar a instalación solicitada detallando: · calendario no que pretende desenrolarse a actividade: número de meses, número de días, número de horas, etc, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (este número non





Concello de Xinzo de Limia

poderá superar en caso algún o aforo da instalación), identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios.

.- Seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros. As solicitudes efectuadas fora de dicho prazo serán atendidas en función da dispoñibilidade das instalacións e por orden de rexistro de entrada.

2. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado polo persoal técnico do Servizo Municipal de Deportes e polo Concelleiro de dita área atendendo principalmente ó número de socios e á antigüidade do club ou asociación e á súa traxectoria. No caso de denegar dita autorización, comunicárase ó solicitante mediante resolución motivada.

3. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na presente Ordenanza poderá dar lugar a súa revogación e, no seu caso, á modificación da orden de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

C) Utilización puntual das instalacións para fins extradeportivos

Mediante autorización, as instalacións deportivas municipais poderán acoller actos Concello de Xinzo de Limia deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional en atención ó interese social da actividade así como á tarifa de prezos para o caso de que se trate dunha actividade con ánimo de lucro a fin de darlle preferencia a aquelas que se consideren especialmente vantaxosas para a poboación, todo elo sen prexuízo da necesaria dispoñibilidade e de que o seu exercicio resulte tecnicamente posible. Dita autorización outorgarase a solicitude do interesado e previos informes técnicos favorables por parte dos departamentos de urbanismo e deportes así como da correspondente concellería e con suxeición á norma específica na materia á que se refira a actividade a celebrar.

C 1.- *Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que non impliquen actividade económica para o solicitante:*

1. Excepcionalmente poderán autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, previa solicitude á que se achegará a documentación relativa á personalidade da mesma; memoria descritiva da actividade á que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando: calendario no que pretende desenrolarse a actividade, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (non podéndose superar en caso algún o aforo da instalación); identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios; acreditar estar en posesión de póliza vixente de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos nas instalacións municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto pola contía a determinar no correspondente informe técnico .

2. De igual forma a entidade usuaria encargarse de realizar todas aquelas labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenrolo da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidera causar.

C 2.- *Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que implique actividade económica para o solicitante:*

No presente caso, será de aplicación o establecido no punto C1, debendo a maiores aportar os





Concello de Xinzo de Limia

solicitantes : - Memoria económica do servizo a prestar, incluíndo as tarifas a repercutir ós usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc. ; Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas, abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuír.”

DEBE DICIR:

Artigo 12: normas de xestión.

A) Utilización puntual das instalacións para fins deportivos

Poderase autorizar con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade das instalacións e previa solicitude do interesado, o uso das instalacións deportivas municipais de xeito puntual, a calquera persoa física o xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada, previo abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuír.

B) Utilización das instalacións de maneira estable ó longo do ano por Clubs ou Asociacións Deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estean inscritas en competicións deportivas oficiais, así como por institucións escolares e asociacións e fundacións de persoas con diversidade funcional que vaian a utilizar as instalacións para actividades de carácter pedagóxico, de educación ou rehabilitación de persoas con diversidade funcional, sempre que sexan sen ánimo de lucro e estean inscritas no Libro Rexistro de asociacións.

1. Os clubs e asociacións deportivas inscritas como tal no rexistro municipal de asociacións, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenrolo da súa actividade. As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal por escrito durante o período que abarca dende o 1 de xuño ó 15 de agosto de cada tempada, acompañando a esta a seguinte documentación:

- Copia dos Estatutos nos que deberá constar o seu carácter como entidade sen ánimo de lucro, así como un certificado expedido polo Secretario da Asociación no que se faga constar as persoas físicas que ostentan os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Tesoureiro e membros da Xunta Directiva, acompañando copia do seu DNI.

- En caso de asociacións deportivas, Acreditación de que a entidade consta inscrita en competicións deportivas oficiais e calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade correspondente.

.- Memoria descritiva da actividade á que pretenda destinar a instalación solicitada detallando: · calendario no que pretende desenrolarse a actividade: número de meses, número de días, número de horas, etc, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (este número non poderá superar en caso algún o aforo da instalación), identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios.

.- Seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros. As solicitudes efectuadas fora de dicho prazo serán atendidas en función da dispoñibilidade das instalacións e por orden de rexistro de entrada.

2. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado polo persoal técnico do Servizo Municipal de Deportes e pola Concellería de dita área atendendo a unha serie de criterios de forma motivada, conxunta e integral, sendo estes: o número de socios, a antigüidade do club ou asociación no uso das instalacións municipais por categoría ou disciplina, a súa traxectoria,





Concello de Xinzo de Limia

estrutura e incidencia social. No caso de denegar dita autorización, comunicárase ó solicitante mediante resolución motivada.

3. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na presente Ordenanza poderá dar lugar a súa revogación e, no seu caso, á modificación da orden de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

C) Utilización puntual das instalacións para fins extradeporativos

Mediante autorización, as instalacións deportivas municipais poderán acoller actos Concello de Xinzo de Limia deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional en atención ó interese social da actividade así como á tarifa de prezos para o caso de que se trate dunha actividade con ánimo de lucro a fin de darlle preferencia a aquelas que se consideren especialmente vantaxosas para a poboación, todo elo sen prexuízo da necesaria dispoñibilidade e de que o seu exercicio resulte tecnicamente posible. Dita autorización outorgárase a solicitude do interesado e previos informes técnicos favorables por parte dos departamentos de urbanismo e deportes así como da correspondente concellería e con suxeición á norma específica na materia á que se refira a actividade a celebrar.

C 1.- *Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que non impliquen actividade económica para o solicitante:*

1. Excepcionalmente poderán autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, previa solicitude á que se achegará a documentación relativa á personalidade da mesma; memoria descritiva da actividade á que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando: calendario no que pretende desenrolarse a actividade, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (non podéndose superar en caso algún o aforo da instalación); identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios; acreditar estar en posesión de póliza vixente de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos nas instalacións municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto pola contía a determinar no correspondente informe técnico .

2. De igual forma a entidade usuaria encargárase de realizar todas aquelas labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidera causar.

C 2.- *Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que implique actividade económica para o solicitante:*

No presente caso, será de aplicación o establecido no punto C1, debendo a maiores aportar os solicitantes : - Memoria económica do servizo a prestar, incluíndo as tarifas a repercutir ós usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc. ; Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas, abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuir. ”

Disposición final.

A presente modificación de ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal na reunión de _____ de 2025, substitúe e derroga á anterior aprobada polo Pleno municipal en reunión do 25 de xuño de 2024 no que foi modificada, e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no





Concello de Xinzo de Limia

Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.”

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo á Concelleira de Deportes, así como ós servizos da área económico financeira. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

O Sr. Camilo Vila García anuncia o voto a favor.

A Sra. Elvira Lama Fernández anuncia a abstención pois dubida do axeitado do importe da taxa .

